ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 12.06.2024

Nas dependencias da Federación Galega de Fútbol en Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 12 de xuño do 2024, baixo a presidencia de D.Julio Bernández Alvarez e actuando como Secretario D Miguel González López-Mosquera. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2024/25.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2024/25.

6. Aprobación do Calendario de Actividades 2024-25.

7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2023.

8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18:00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
O Secretario toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 24 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
Pásase a súa votación aínda que o Secretario informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.
Votos a favor: 23 Votos en contra: 0 Abstencións: 1

3.Informe do presidente:
Rematamos unha temporada ilusionante chea de retos e marcada por un traballo en equipo que comenzamos a mira de cara a vindiera temporada.

Comenzábamos a temporada con unha emocionante Copa Galicia.

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 994-24
Fecha 21/06/2024
Dpto. SECRETARIA

Cabe destacar o éxito dos tres Campionatos de España que acolleu Galicia, cun grado de excelencia moi elevado en todos eles e que nos permite seguir no mapa para volver a acoller torneos de esta importancia de cara ao próximo ano. Na actualidade, podemos afirmar que temos avanzadas as xestións co Concello de Vigo, o concello de Ribadeo e a Comarca da Mariña, e cos Concellos de Santiago e Marín. Nos próximos meses continuaremos traballando para volver a estar á altura e para disfrutar na nosa comunidade de torneos deste nivel.

Destacamos tamén o traballo realizado na organización e no desenvolvemento das Fases Finais e das Fases de ascenso disputadas nesta última etapa da tempada, competicións que potenciaremos de cara ao próximo ano e coas que seremos aínda máis esixentes no referente ás instalacións e ás condicións dos equipos participantes.

Énchenos de orgullo o papel relevante que de novo temos na Federación Española de Baloncesto, co meu nomeamento para a Comisión Delegada e o de Susana Fernández Fiuza para a Comisión Executiva. Motivo para sentirnos orgullosos é tamén observar os grandes pasos que da a UFEDEGA, órgano que represento actualmente e que me permitiu asisitr ás Xuntas Directivas Nacionales, celebradas o ano pasado en Bilbao e este en Madrid.

O número e a calidade das competicións deste ano é sen lugar a dúbidas un dato a resaltar, cada tempada traballamos por ofrecer unhas condicións óptimas para todo aquel que disfrute do baloncesto. Esta tempada deu lugar á Liga de Veteranas, unha competición cun formato moi atractivo e que queremos trasladar tamén á categoría masculina de cara á vindeira tempada.

A pesar do noso balance positivo, non podemos esquecer a nosa activa loita irrenunciable contra calquera tipo de discriminación tanto nas pistas como fóra delas. Desde a Federación Galega condenamos todo tipo de exclusión sexa do tipo que sexa. Seguimos loitando por un baloncesto san que non ten lugar para a discriminación. Sendo certo que nun 90% respéctanse os valores e a competitividade sa, debemos ser conscientes do pequeno porcentaxe que a día de hoxe continúa ensombrecendo o noso deporte e que esperamos poder erradicar canto antes para poder seguir avanzando.

Debemos mencionar tamén a nosa preocupación polo descenso das licenzas en categorías femininas cando estas chegan a determinada idade, podendo observar como en junior e especialmente en senior o número baixa considerablemente. Esta problemática é sen dúbida un tema que debemos abordar e traballar ata conseguir solucionala e que todas as xogadoras poidan disfrutar do baloncesto compatibilizándoo cos outros aspectos da súa vida.

No marco arbitral, destacamos esta última tempada por unha maior inversión na súa formación, comprometidos a ofrecer sempre unha arbitraxe de calidade con persoal debidamente formado para poder desenvolver da mellor forma posible a súa carreira arbitral.

Rematamos coa mesma ilusión coa que comezamos este 2023/2024 e traballamos desde xa pensando na próxima tempada, na que teremos novos retos e novos obxectivos que cumpriremos un ano máis grazas ao noso traballo de equipo.

Os nosos directores de áreas farán unha exposición do que aconteceu nesta parcela:

Informe Area Deportiva. Darío Martínez Méndez.

As competencias da área deportiva son:

1.- Tecnificación dos xogadores/as
2.- As selecciones autonómicas

Tamén informa sobre o seguinte:

- *Tecnificación nesta temporada..*
- *Actividades de formación para adestradores.*
- *Asistencia das Seleccions Campionato de España en Xaneiro e Marzol.*
- *Preparación das seleccións.*
- *Seguimento de xogador@s*

Informe Comité Arbitros. Miguel A. Pérez Pérez

Fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- *Aumento de partidos case un 10%*
- *Redución dos partidos arbitrados por clubs (premini fundamentalmente)*
- *Informes sobre árbitros e oficiais de mesa, subida a 700 licenzas aumento 32,3%.*
- *Actividades: un total de 180 informes presenciais e 378 por video dirixidas a árbitros e oficiais de mesa tanto autonómica como zonais.*
- *Esgar: 25 alumnos. Neste punto agradecer o xefe de estudos o seu traballo.*
- *Realizáronse un total de 8 test de regras de outubro a maio a nivel autonómico e zonal, tanto para oficiais como para árbitros.*
- *De outubro a abril, realizáronse un total de 7 tarefas técnicas a nivel autonómico: traballos de videotest con aspectos de regras, mecánica arbitral, control de partido e criterio.*
- *Dende outubro a maio, relizamos un total de 4 tarefas bimensuais para oficiais de mesa FEB e ACB.*
- *Realizáronse tamén coaboracións con Institucións Educativas (San José de Cluny, Colexio Liceo A Paz, USC, UVigo…)*
- *Ademais, participamos en actividades conxuntas relacionadas coa arbitraxe co Ministerio de Defensa (Capitanía Xeral e Infantería da Mariña en Ferrol).*
- *Realización de 20 cursos de árbitros.*

Informe EGA. Carlos Colinas Morán

Informa sobre o novo organigrama da Escola Galega de Adestradores e sobre os seguintes temas:

- *Cursos Nivel O: Seis formacións en formato semipresencial co apoio da plataforma Moodle. Duración total: 9 días entre Setembro 2023 e Xuño 2024*
- *Cursos Nivel I: Realizáronse dúas promocións durante a tempada, en formato semipresencial con apoio de plataforma Moodle*
- *Actividades dirixidas á formación dos adestradores cunha presenza total de 740 técnicos*

- *Colaboración con eventos formativos privados: Leváronse a cabo un total de 7 eventos colaborativos: 5 clínics e 2 xornadas técnicas*

As 18.31 hrs. abandona a Asamblea Jaime Alvarez.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 24/25.

Artº 34 presenta enmenda D. David Castañón, no está asumidas pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 12 Abstencións: 8
Queda rechazada a enmenda.

Artº 65 presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 19 Abstencións: 1
Queda rechazada a enmenda.

Incorpórase a Asemblea D. Alfonso Sanmartín.

Artº 66 presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 20 Abstencións: 2
Queda rechazada a enmenda.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 24/25.

O secretario informa sobre as enmendas presentadas e pásase o seu estudo e votación:

Artº 5.4 e 5.4.1. presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 19 Abstencións: 2
Queda rechazada a enmenda.

Artº 1 7 presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 19 Abstencións: 3
Queda rechazada a enmenda.

Artº 12.4 presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 1 Votos en contra: 20 Abstencións: 3
Queda rechazada a enmenda.

Artº 20 presentan enmendas D. Miguel Niebla e D. Julio Bernárdez, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 24 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
Queda aprobada a enmenda.

Artº 21 presenta enmenda D. Miguel Niebla, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 5 Votos en contra: 14 Abstencións: 5
Queda rechazada a enmenda.

Artº Disposicións Adicionáis Cuarta presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 19 Abstencións: 3
Queda rechazada a enmenda.

Artº Disposición Adicionais Sexta presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 20 Abstencións: 2
Queda rechazada a enmenda.

Artº Disposicións Finais Segunda presenta enmenda D. David Castañón, no está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 1 Votos en contra: 22 Abstencións: 1
Queda rechazada a enmenda.

Artº 2.5 presenta enmenda D. Miguel Niebla, no está asumida pola Comisión Delegada debido a que a normativa da FEB indica que só ascenderá directamente o 1º clasificado e o segundo clasificado terá que xugar cos 2º de País Vasco e Castilla-León, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 3 Votos en contra: 13 Abstencións: 8
Queda rechazada a enmenda.

Artº 4.4 presenta enmenda Dª Teresa Cano, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 18 Votos en contra: 1 Abstencións: 5
Queda aprobada a enmenda.

Artº 4.4 Creación 4ª división presenta enmenda Dª Teresa Cano, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 4 Votos en contra: 17 Abstencións: 3
Queda rechazada a enmenda.

Artº 11.6 e 13.6 presenta enmenda D. Julio Bernárdez, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 23 Votos en contra: 0 Abstencións: 1
Queda aprobadada a enmenda.

Artº 11.8, 13.8, 15.8 e 17.8 presenta enmenda D. Julio Bernárdez, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 23 Votos en contra: 0 Abstencións: 1
Queda aprobadada a enmenda.

Artº 12-B presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 2 Votos en contra: 17 Abstencións: 5
Queda rechazada a enmenda.

Artº 15.1, 17.1 presenta enmenda D. Miguel Niebla, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 24 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
Queda aprobada a enmenda.

Artº 22.4 presenta enmenda D. Julio Bernárdez, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 24 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
Queda aprobadada a enmenda.

Artº 23.1 presenta enmenda D. Miguel Niebla, está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 23 Votos en contra: 0 Abstencións: 1
Queda aprobada a enmenda.

Artº 23-Arbitraxes presenta enmenda D. David Castañón, non está asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 1 Votos en contra: 19 Abstencións:4

Queda rechazada a enmenda.
Artº 23.2 presenta enmenda D. Miguel Niebla, o Presidente indica que si o enmendante está de acordo presenta unha transsaccional que añadiría o seguinte texto: "... para que non coincidan máis de dous campións en cada grupo". Asumida pola Comisión Delegada, procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 24 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
Queda aprobada a enmenda.

6.- Aprobación do calendario de Actividades 2024-25.

O secretario informa que se remitiu o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada, polo que solicita tamén que se faculte a Xunta Directiva para modificalo durante a temporada..

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 24-25 e facultar a la xunta directiva a modificalo o longo da temporada.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2023

Toma a palabra D. Ramón Lago, tesoureiro desta Federación, e informa que debido a solicitude do auditor de que se periodificaran tanto os gastos como os ingresos o resultado deste exercicio é negativo como ven poden ver, pero que si se fixera co mesmo criterio contable que o anterior habería unhas perdas de 1.500€.

Con referencia as contas xunto coa convocatoria desta Asemblea remitironse os seguintes documentos económico-financieiros: A Conta de Perdas e Gananzas, o Balance de Situación, a Liquidación Orzamentaria, as Contas Anuais abreviadas e a Memoria do exercicio 2023.

Non se recibe ningunha enmenda polo que pásase a súa votación:

Votos a favor: 21 Votos en contra: 1 Abstencións: 2

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2023.

8.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Secretario informa aos asistentes que para a tempada 2024/2025 seguirán nos seus cargos os responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Xulio Teixeira no Comité de Competición e D. Miguel Juane no Comité de Apelación. Como xa foron ratificados na derradeira asemblea non hai que proceder a votación.

9. Rogos e Preguntas.

O presidente informa da aprobación pola Xunta directiva do “Protocolo de Nenos, nenas e adolescentes da violencia no deporte”.

D. David Castañón pregunta sobre os anteriores presidentes dos comités de competición e apelación, si hai algún problema con eles. O presidente informa que co anterior xuiz de competición non hai ningún problema, coa xuiza de competición hai unha reclamación pola súa parte que se verá no xultado nos vindeiros días.

Dª Teresa Cano solicita que se inclúa nos cursos de adestradores unha charla sobre “Baloncesto coherente” que vai en consonancia coa aplicación de protocolo da violencia no deporte. O presidente indica que remita a información e que a faremos chegar o director da EGA para que o incluía nos citados cursos.

D. Rogelio Cayón, fai unha petición sobre que as horas complementarias dos cursos poidanse realizar o máis preto posible da localidade de orixe dos adestradores. D. Carlos Colinas indícalle que as horas complementarias do “Taller do Minibasket” normalmente fanse unha no norte e outra no sur.

Dª Lara Blanco pregunta o Director arbitral porque se cubre Betanzos dende Ferrol e si vai seguir así. D. Miguel A. Pérez indícalle que debido o baixo número de disponibilidades dos árbitros e oficiais de Coruña, tomouse a decisión de cubrilo dende Ferrol, o que este ano foi un éxito xa que a competición foi cuberta na súa totalidade

D. David Castañón indica que se informe donde están instaladas unhas canastras que se compraron cunha subvenciónda deputación da Coruña. O Presidente infórmalle que están en Betanzos, Zas e Cabana de Bergantiños.

D. Luis Gil fai dúas peticións, a primeira é que se teña en conta non só o desprazamento dos 100 km. (por traxecto) Sino en algún caso que hai equipos que tense que desprazar 200 km. (por traxecto). Por outro lado que se poña o marcador visible na categoría Minibasket e Preminibasket

Dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 20.04 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

VºPº O PRESIDENTE.

36029753T JULIO CESAR BERNARDEZ (R: V15115306)
Firmado digitalmente por 36029753T JULIO CESAR BERNARDEZ (R: V15115306)
Fecha: 2024.06.21 09:33:28 +02'00'

GONZALEZ LOPEZ MOSQUERA MIGUEL - 35319021Z
Firmado digitalmente por GONZALEZ LOPEZ MOSQUERA MIGUEL - 35319021Z
Fecha: 2024.06.20 09:59:59 +02'00'

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
C.B. Golfiños de Sada (David Castañón Gadea)
Porriño Bto. Base (Icia Alcalde Giraldez)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.B. Allariz (Leire Barros Quintas)
A.B. Xinzo (Luis Gil Penín)
A.D.Cortegada (Ricardo López Rodríguez)
A.D.C. Burela (Rogelio Cayón García)
A.D.F.R.O. (Teresa Cano Pan)
C.B. Brión (Leticia Rodríguez Sarmiento)
C.B. Costa Artabra (Miguel Niebla Pereiro)
C.B. Culleredo (Miguel Couselo del Río)
C.B. Ría Ribadeo (José R. Vázquez Barbeito)
Fundación FEDESA (Francisco J. Montero García)
C.B. Redondela (Julian Bravo Paramós)
C.B. Val de Lemos (Lucía M. Rodríguez Rodríguez)
C.B. Narón (Miguel Piñeiro Dopico)
C.B. Noia (José R. López Campos)
S.D. Tui (Francisco J. Niño Alonso)
C.B. Universitario Ferrol (Manuel Caínzos López)
Jaime Alvarez-Osorio Varela (Arbitros)
Lara Blanco García (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
Alejandro Durán Pais (Xogador)
Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Julio Bernárdez Alvarez (Presidente)

Relación de Invitados

Sonia Plácido Rodríguez
José L. Renda Bellet
Luis Fraga Folla
Elio Clavería
Daniel López Illán
Susana García Senra
José M. Villamarín Couto
Alejandro Alcalde Varela
Begoña del Río Martínez
Carlos Colinas Morán
Darío Martínez Méndez
Miguel A. Pérez Pérez
Xulio Teixeira